

Información Renuncia á Matrícula

- Aplicarase o establecido con carácter xeral para os ciclos:

ORDE do 12 de xullo de 2011 pola que se regulan o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial.

OFERTA ORDINARIA

Poderase solicitar renuncia con carácter xeral, por unha soa vez, á totalidade dos módulos na oferta ordinaria.

OFERTA MODULAR

Poderase solicitar renuncia con carácter xeral, por unha soa vez, de forma parcial aos distintos módulos na oferta modular.

Circunstancias que permiten xustificar a solicitude de renuncia:

- a) Doenza prolongada de carácter físico ou psíquico, tanto do alumno ou da alumna como de familiares ata o segundo grao de consanguinidade ou afinidade.
- b) Incorporación a un posto de traballo mediante un contrato de duración superior a dous meses, nun horario incompatible coas ensinanzas do ciclo.
- c) Obrigas de tipo familiar ou persoal que impidan a normal dedicación ao estudo.

En calquera caso **precisa xustificación documental e non se reserva praza para o curso seguinte**. É necesario un novo proceso de admisión.

Baixo estas circunstancias, **a renuncia non consome convocatoria**.

Prazo de solicitude da renuncia:

- a) Antelación mínima de dous meses á avaliación final de módulos no 1º curso.
- b) Dous meses antes da data prevista para o inicio da FCT no 2º curso.

Excepcionalmente, poderase renunciar máis dunha vez (ata 4 convocatorias na oferta modular) no caso de doenza prolongada de carácter físico ou psíquico, tanto do alumno ou da alumna como de familiares até o segundo grao de consanguinidade ou afinidade.